

PROGRAMACIÓN

DIDÁCTICA

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

1º ESO

CPI Aurelio Marcelino Rey García

Rúa José María Lastra, 3

36670 Cuntis

ÍNDICE

1. Referencia curso-área	3
2. Introducción e contextualización	3
2.1 Contextualización do centro	3
2.2 Contextualización do nivel de 1º de ESO	4
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	4
4. Concreción de obxectivos por curso	6
5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.	9
5.1 Aspectos curriculares: Temporalización dos estándares, procedementos	15
5.2. Temporalización dos contidos	20
5.3. Metodoloxía	22
6. Criterios de cualificación	24
7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.	26
8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes.	28
9. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.	28
10. Medidas de atención á diversidade.	28
11. Concreción dos elementos transversais en cada curso.	31
12. Actividades complementarias e extraescolares do departamento.	31
13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.	31

1. REFERENCIA CURSO-ÁREA

Esta programación está dirixida ao curso de 1º de ESO para materia de Bioloxía e Xeoloxía.

CURSO	ÁREA
1º ESO	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación didáctica adáptase ao Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e ás Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. Así mesmo, inclúe os preceptos propostos no Protocolo de Adaptación ao Contexto da covid 19 dos Centros de Ensino non Universitario de Galicia para o Curso 2020/2021, así como nas Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema nacional de Saúde Pública (D.O.G. Nº 174 bis de 28-08-2020) e a actualización de recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

Neste documento desenvólvese o plantexamento didáctico da materia de Bioloxía e Xeoloxía para o 1º curso de ESO, seguindo o currículo implantado polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.1. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O CPI Aurelio Marcelino Rey García foi creado segundo a Lei xeral de educación de 1970 para impartir Ensinanza Xeral Básica (EXB). Nun principio, o centro estaba dividido en dous edificios (un deles estaba na praza da feira), en cuxas instalacións se impartía a Educación Prescolar e Ciclo Inicial de EXB mentres que no centro da rúa da Palma; onde se ubica o actual centro educativo, impartíanse o resto dos niveis (Ciclo Medio e Ciclo Superior). Coa entrada en vigor da LOXSE e a ampliación da escolaridade obrigatoria ata os 16 anos, o centro experimentou unha ampliación para acoller a todas as etapas do ensino obrigatorio básico e produciuse a unificación no mesmo centro de todas as etapas que se imparten actualmente. O Decreto 7/1999 creou os CPI, pasando desde entón

a denominarse CPI Aurelio Marcelino Rey García. O centro está situado na rúa José María Lastra no centro do Concello de Cuntis.

O alumnado do centro procede tanto das aldeas do municipio como do núcleo urbano.

O alumnado que acode a este centro é de extracción socio-económica media e baixa. Hai varios casos de familias moi desfavorecidas, da maioría das cales provén un alumnado con serias dificultades de aprendizaxe, debido, entre outros factores, á situación familiar. Así mesmo, tamén temos alumnado procedente de familias desestruturadas que, xunto cos anteriores, conforman a maior parte do alumnado con déficit de éxito escolar. O alumnado de procedencia estranxeira é escaso, mais o que hai intégrase con relativa facilidade.

A lingua de relación e uso diario é maioritariamente o galego aínda que se ten detectado no Plan lingüístico un aumento do uso inicial do castelán nos primeiros grupos de Educación Infantil.

A ANPA mantén unha relación estreita coa vida do Centro, tanto á hora de participar activamente nas actividades complementarias eextraescolares desenvolvidas, como á hora de canalizar as propostas e reclamacións das nais e pais. A Xunta de Galicia controla o funcionamento do comedor do centro polo que o equipo directivo do centro asumiu o desenvolvemento da súa xestión.

Así mesmo, funciona o programa de acollida aos nenos, cujos pais deciden por necesidade laboral ou de coidados fóra do horario lectivo, deixar aos nenos ao coidado do persoal laboral que se encarga da súa custodia. Este programa denomínase CUNTILÍN e está impulsado e organizado polo CONCELLO de Cuntis.

2.2 CONTEXTUALIZACIÓN DO NIVEL DE 1º DE ESO.

	CURSO 1º ESO	ALUMNOS/AS CON DIFICULTADES CONSTATADAS
ALUMNOS/AS	36	-----

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.

- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

Comunicación lingüística

Os descritores aos que lles daremos prioridade serán:

- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

Competencia dixital

Traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Conciencia e expresións culturais

Traballaranse os seguintes descritores:

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

Competencias sociais e cívicas

Adestraremos os seguintes descritores:

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para participar activamente en ámbitos de participación establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Adestrarase ao alumnado nos seguintes descritores:

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

Aprender a aprender

A través desta competencia preténdese coidar os procesos de aprendizaxe do alumnado así como a metodoloxía empregada. A tal fin, traballarase e adestrarase en cada un dos seguintes descritores:

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

4. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO:

1º ESO

Obxectivos xerais de Etapa (LOMCE):

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzandoos dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona

Obxectivos da área de Bioloxía e Xeoloxía, 1º ESO

1. Coñecer o vocabulario científico adecuado ao seu nivel.
2. Coñecer toda a información de carácter científico para ter unha opinión propia.
3. Levar a cabo un traballo experimental de prácticas de laboratorio ou de campo.
4. Levar a cabo un proxecto de investigación desde unha boa planificación a unha óptima exposición.
5. Identificar as características que fan que a Terra sexa un planeta onde se desenvolva a vida.
6. Coñecer as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida.

7. Coñecer e identificar os diferentes niveis da materia viva.
8. Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte.
9. Identificar as funcións comúns de todos os seres vivos, diferenciando entre nutrición autótrofa e heterótrofa.
10. Identificar os diferentes grupos de seres vivos.
11. Recoñecer as características morfolóxicas principais dos distintos grupos taxonómicos.
12. Categorizar os criterios que serven para clasificar os seres vivos.
13. Identificar os principais modelos taxonómicos aos que pertencen os animais e as plantas máis comúns.
14. Coñecer as características dos principais grupos de invertebrados e vertebrados.
15. Determinar, a partir da observación, as adaptacións que lles permiten aos animais e ás plantas sobrevivir en determinados ecosistemas.
16. Utilizar claves dicotómicas ou outros medios para a identificación e a clasificación de animais e de plantas.
17. Coñecer as ideas principais sobre a orixe do universo e a formación e a evolución das galaxias.
18. Coñecer a organización do sistema solar e as súas concepcións ao longo da historia.
19. Relacionar a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.
20. Coñecer a localización da Terra no sistema solar.
21. Coñecer e relacionar os movementos da Terra, da Lúa e do Sol coa existencia do día, a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.
22. Coñecer os materiais terrestres nas grandes capas da Terra.
23. Identificar e coñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas.
24. Coñecer a atmosfera e as propiedades do aire.
25. Identificar os problemas de contaminación ambiental desenvolvendo actitudes que contribúan a unha solución.
26. Apreciar a importancia da auga e describir as súas propiedades.
27. Coñecer o ciclo da auga, o uso que se fai dela e a súa distribución na Terra.
28. Comprender a necesidade dunha xestión sostible da auga potenciando a redución no consumo e a reutilización.
29. Valorar a importancia das augas doces e salgadas.
30. Coñecer os compoñentes dun ecosistema.
31. Identificar os factores que desencadean os desequilibrios que se dan nun ecosistema.
32. Apreciar todas as accións que favorecen a conservación do medio.
33. Coñecer e identificar os compoñentes que fan do solo un ecosistema.

5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica				
♣ h ♣ o	♣ B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita.	♣ B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	♣ ♣ BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.	♣ CCL ♣ CMCCT
♣ b ♣ e ♣ f ♣ g ♣ h ♣ m ♣ o	♣ B1.2. Metodoloxía científica: características básicas. ♣ B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.	♣ B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	♣ BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	♣ CD ♣ CAA
			♣ BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.	
			♣ BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	
♣ b ♣ f ♣ g	♣ B1.4. Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados. ♣ B1.5. Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material	♣ B1.3. Realizar un traballo experimental coa axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.	♣ BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	♣ CMCCT ♣ CSC ♣ CSIEE ♣ CMCCT ♣ CAA
			♣ BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	

Biología e Xeoloxía. 1º de ESO				
Bloque 2. A Terra no universo				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
♣ f	♣ B2.1. Principais modelos sobre a orixe do Universo.	♣ B2.1. Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo, e a formación e a evolución das galaxias.	♣ BXB2.1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo	♣ CMCCT
♣ f ♣ l	♣ B2.2. Compoñentes do Universo. ♣ B2.3. Características do Sistema Solar e dos seus compoñentes. ♣ B2.4. Concepcións sobre o Sistema Solar ao longo da historia.	♣ B2.2. Explicar a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.	♣ BXB2.2.1. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais	♣ CMCCT
♣ f	♣ B2.5. Os planetas no Sistema Solar.	♣ B2.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	♣ BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	♣ CMCCT
♣ f	♣ B2.6. O planeta Terra: características.	♣ B2.4. Localizar a posición da Terra no Sistema Solar.	♣ BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.	♣ CMCCT
♣ f	♣ B2.7. Os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e as súas consecuencias.	♣ B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	♣ BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.	♣ CMCCT
			♣ BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol	♣ CMCCT
♣ f	♣ B2.8. A xeosfera: estrutura e composición da corteza, o manto e o núcleo.	♣ B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra	♣ BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.	♣ CMCCT
			♣ ♣ BXB2.6.2. Describe as características xerais da corteza, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen,	♣ CMCCT

			e relaciona esas características coa súa situación.	
♣ f ♣ g ♣ n ♣ ñ	♣ B2.9. Minerais e rochas: propiedades, características e utilidades. ♣ B2.10. Xestión sustentable dos recursos minerais Recursos minerais en Galicia.	♣ B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salientar a súa importancia económica e a xestión sustentable.	♣ BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos	♣ CMCCT ♣ CAA
Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			♣ BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá	♣ CCEC
			♣ BXB2.7.3. Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.	♣ CSC
♣ f	♣ B2.11. A atmosfera: composición e estrutura. O aire e os seus compoñentes. Efecto invernadoiro. Importancia da atmosfera para os seres vivos.	♣ B2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire.	♣ BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera	♣ CMCCT
			♣ BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe	♣ CMCCT
			♣ BXB2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.	♣ CMCCT
♣ b ♣ e ♣ f ♣ g ♣ m	♣ B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións.	♣ B2.9. Investigar e recoller información sobre os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución.	♣ BXB2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.	♣ CSC ♣ CSIEE
♣ f ♣ m	♣ B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións.	♣ B2.10. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela.	♣ BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.	♣ CSC
♣ f	♣ B2.13. A hidrosfera. Propiedades da auga. Importancia da auga para os seres vivos.	♣ B2.11. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.	♣ BXB2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.	♣ CMCCT

♣ f ♣ m	♣ B2.14. A auga na Terra. Auga doce e salgada. ♣ B2.15. Ciclo da auga. ♣ B2.16. A auga como recurso.	♣ B2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	♣ BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.	♣ CMCCT
♣ a ♣ f ♣ g ♣ m	♣ B2.17. Xestión sustentable da auga.	♣ B2.13. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sustentable da auga e de actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa reutilización.	♣ BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.	♣ CSC ♣ CSIEE
Biología e Xeoloxía. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
♣ f ♣ m	♣ B2.18. Contaminación das augas doces e salgadas.	♣ B2.14. Xustificar e argumentar a importancia de preservar e non contaminar as augas doces e salgadas	♣ BXB2.14.1. Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas	♣ CSC
♣ f	♣ B2.19. A biosfera. Características que fixeron da Terra un planeta habitable.	♣ B2.15. Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida.	♣ BXB2.15.1. Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.	♣ CMCCT
Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra				
♣ f ♣ l ♣ m	♣ B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade. ♣ B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial. ♣ B3.3. Reinos dos seres vivos: Moneras, Protocistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.	♣ B3.1. Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características morfolóxicas principais dos grupos taxonómicos.	♣ BXB3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.	♣ CCEC ♣ CMCCT
♣ f	♣ B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade. ♣ B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial. ♣ B3.3. Reinos dos seres vivos. Moneras, Protocistas, Fungi,	♣ B3.2. Categorizar os criterios que serven para clasificar os seres vivos e identificar os principais modelos taxonómicos aos que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	♣ BXB3.2.1. Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.	♣ CMCCT

	Metaf-itas e Metazoos.			
♣ f ♣ m	♣ B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade. ♣ B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial. ♣ B3.3. Reinos dos seres vivos. Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafi-tas e Metazoos.	♣ B3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos taxonómicos e explicar a súa importancia no conxunto dos seres vivos.	♣ BXB3.3.1. Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.	♣ CMCCT
♣ f	♣ B3.4. Invertebrados: poríferos, ce-lentéreos, anélidos, moluscos, equino-dermos e artrópodos. Características anatómicas e fisiolóxicas. ♣ B3.5. Vertebrados: peixes, anfi-bios, réptiles, aves e mamíferos. Características anatómicas e fisiolóxicas.	♣ B3.4. Caracterizar os principais grupos de invertebra-dos e vertebrados.	♣ BXB3.4.1. Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen.	♣ CMCCT
			♣ ♣ BXB3.4.2. Recoñece exemplares de ver-tebrados e asígnaos á clase á que pertencen.	♣ CMCCT
Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	.			
♣ f ♣ m	♣ B3.6. Plantas: brións, fieitos, xim-nospermas e anxiospermas. Carac-terísticas principais, nutrición, rela-ción e reprodución.	♣ B3.5. Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida, e caracterizar os principais grupos de plantas.	♣ BXB3.5.1. Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos.	♣ CMCCT
			♣ BXB3.5.2. Describe as características xe-rais e singulares dos principais grupos de plantas.	♣ CMCCT
♣ b ♣ e ♣ g	♣ B3.8. Identificación de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas, especies en extinción e especies endé-micas. Adaptacións dos animais e as plantas ao medio. Biodiversidade en Galicia.	♣ B3.7. Determinar a partir da observación as adapta-cións que permiten aos animais e ás plantas sobrevivir en determinados ecosistemas, con especial atención aos ecosistemas galegos.	♣ BXB3.7.1. Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas.	♣ CMCCT
			♣ BXB3.7.2. Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns.	♣ CAA ♣ CMCCT
			♣ BXB3.7.3. Identifica exemplares de	♣ CCEC

			plantas e animais propios dos ecosistemas galegos.	
Bloque 4. Os ecosistemas				
♣ f	♣ B4.1. Ecosistema: identificación dos seus compoñentes. ♣ B4.2. Factores abióticos e bióticos nos ecosistemas. ♣ B4.3. Ecosistemas acuáticos. ♣ B4.4. Ecosistemas terrestres.	♣ B4.1. Diferenciar os compoñentes dun ecosistema.	♣ BXB4.1.1. Identifica os compoñentes dun ecosistema.	♣ CMCCT
♣ f ♣ g ♣ m	♣ B4.5. Factores desencadeantes de desequilibrios nos ecosistemas. ♣ B4.6. Estratexias para restablecer o equilibrio nos ecosistemas.	♣ B4.2. Identificar nun ecosistema os factores desencana-deantes de desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o seu equilibrio.	♣ BXB4.2.1. Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.	♣ CMCCT
♣ a ♣ g ♣ m	♣ B4.7. Accións que favorecen a conservación ambiental	♣ B4.3. Recoñecer e difundir accións que favorezan a conservación ambiental.	♣ BXB4.3.1. Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental.	♣ CSC ♣ CSIEE
Bloque 5. Proxecto de investigación				
♣ b ♣ c	♣ B5.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación.	♣ B5.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e habilidades propias do traballo científico	♣ BXB5.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	♣ CMCCT
Biología e Xeoloxía. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
♣ b ♣ f ♣ g	♣ B5.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación	♣ B5.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación, e a argumentación.	♣ BXB5.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	♣ CAA ♣ CCL
♣ e	♣ B5.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.	♣ B5.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e sobre os métodos empregados para a súa obtención.	♣ BXB5.3.1. Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elabora	♣ CMCCT ♣ CD
♣ a ♣ b ♣ c	♣ B5.3. Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración	♣ B5.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	♣ BXB5.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	♣ CSC ♣ CSIEE

	respectuosano traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.			
♣ a ♣ b ♣ d ♣ h ♣ o	♣ B5.3. Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	♣ B5.5. Expor e defender en público o proxecto de investigación realizado.	♣ BXB5.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula. ♣ BXB5.5.2. Expresa con precisión e coheren-cia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	♣ CAA ♣ CMCCT ♣ CSIEE ♣ CD ♣ CCL ♣ CCEC

5.1 ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE, PROXECTO, TEMA.

Temporalización		Estándares de aprendizaxe avaliados			Contidos de cualificación e instrumentos de avaliación										Elementos transversais				
1ª/2ª/3ª Avaliación																			
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Comp. clave	Estándar de aprendizaxe	Grao mín. Conseguido	Peso cualif. %	Instrumentos %							Elementos transversais				
								Proba escrita	Trab. Indiv.	Trab. grupo	Cad. clase	Lab .	Rúbric	Obs aula	CL	EOE	CA	TIC	
B.I.: Habilidades,	B1.1	B1.1	BXB1.1.1	CCL CMCCT	Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.	Identifica algúns dos termos máis frecuentes do vocabulario científico.	20						100		x				
	B1.2	B1.2	BXB1.2.1	CD CAA	Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	Procura, selecciona e interpreta algún tipo de información de carácter científico buscando nalgunhas fontes.	20		80					20					x
	B1.3																		

destrezas e estratexis. Metodoloxía científica		BXB1.2.2		Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.	Transmite a información seleccionada de xeito máis ou menos preciso, utilizando soporte oral escrito e dixital.	10		50		30			20	x		x	x			
		BXB1.2.3	CAA CCL	Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia.	10					100				x			x		
	B1.4 B1.5	B1.3	BXB1.3.1	CMCCT CST	Cofece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	Cofece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	25						10 0							
			BXB1.3.2	CSIEE CMCCT CAA	Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	Desenvolve con axuda a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, e describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	15						10 0							
	B.5.: Proxecto de investigación	B5.1	B5.1	BXB5.1.1	CMCCT	Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	Aplica as destrezas propias do método científico de xeito iniciático.	10				50		50					x	
			B5.2	BXB5.2.1	CAA CCL	Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	Utiliza argumentos simples que xustifiquen as hipóteses que propón	10						100				x		
		B5.2	B5.3	BXB5.3.1	CMCCT CD	Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e presentación das súas investigacións.	Utiliza algunhas fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e presentación dos seus traballos.	10						100					x	
		B5.3	B5.4	BXB5.4.1	CSC CSIEE	Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	25							100				x	
			B5.5	BXB5.5.1	CAA CMCCT CSIEE CD	Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula	Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.	25		50	50									
	BXB5.5.2			CCL CCEC	Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	Expresa con coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	20							100				x		
Temporalización				Estándares de aprendizaxe avaliábeis		Contidos de cualificación e instrumentos de avaliación										Elementos transversais				

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Comp. clave	Estándar de aprendizaxe	Grao mín. Conseguído	Peso cualif.	Instrumentos								Elementos transversais													
								Proba escrita	Trab. Indiv.	Trab. grupo	Cad. clase	Lab.	Rúbric	Obs aula	CL	EOE	CA	TIC											
1ª Avaluación																													
B.3.: A biodiversidade na Terra	B3.1 B3.2 B3.3	B3.1	BXB3.1.1	CCEC CCMCT	Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.	Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.	40	50	30		10			10										x					
	B3.1 B3.2 B3.3	B3.2	BXB3.2.1	CMCCT	Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.	Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.	40	50	30		10			10										x					
	B3.1 B3.2 B3.3	B3.3	BXB3.3.1	CMCCT	Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.	Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.	20	50	30		10			10										x					
	B3.6	B3.5	BXB3.5.1	CMCCT	Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos.	Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos.	25	50	30		10			10									x						
	B3.6	B3.5	BXB3.5.2	CMCCT	Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.	Describe algunhas características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.	20	50	30		10			10	x														
	B3.8	B3.7	BXB3.7.1	CMCCT	Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas.	Identifica algúns exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou por seren especies en perigo de extinción	20	50	30		10			10										x					
			BXB3.7.2	CAA CMCCT	Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns.	Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns.	25	50	30		10			10										x					
BXB3.7.3			CCEC	Identifica exemplares de plantas e animais propios dos ecosistemas galegos.	Identifica os exemplares de plantas e animais máis característicos do seu contorno.	10	50	30		10			10										x						
2ª avaluación																													
B3.4	B3.4	BXB3.4.1	CMCCT	Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen.	Asocia algúns invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen.	50	50	30		10			10											x					
B3.5		BXB3.4.2	CMCCT	Recoñece exemplares de vertebrados e asígnalos á clase á que pertencen.	Recoñece exemplares de vertebrados máis comúns e relacionaos coa clase á que	50	50	30		10			10											x					

B.3.: Os animais																						
	B2.1	B2.1	BXB2.1.1	CMCCT	Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo	Identifica o Big Bang como a orixe do universo.	10	50			30					20						
	B2.2 B2.3 B2.4	B2.2	BXB2.2.1	CMCCT	Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais	Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais	20	50			30	10				10						x
	B2.5	B2.3	BXB2.3.1	CMCCT	Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	20	80				10				10						
	B2.6	B2.4	BXB2.4.1	CMCCT	Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.	Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.	20	50			30	10				10						x
	B2.7	B2.5	BXB2.5.1	CMCCT	Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.	Recoñece os movementos e a posición dos astros, e recoñece a súa importancia para a vida.	10	50			30	10				10						
B2.5		BXB2.5.2	CMCCT	Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol	Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses,	20	50			30	10				10						x	
B.4.: Os ecosistemas	B4.1 B4.2 B4.3 B4.4	B4.1	BXB4.1.1	CMCCT	Identifica os compoñentes dun ecosistema.	Identifica os principais compoñentes dun ecosistema.	50	50			30	10				10						x
	B4.5 B4.6	B4.2	BXB4.2.1	CMCCT	Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.	Enumera algúns factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.	25	50			30	10				10						x
	B4.7	B4.3	BXB4.3.1	CSC CSIEE	Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental.	Selecciona algunhas accións que preveñen a destrución ambiental.	25	50			30	10				10						x
3ª avaliación																						
	B2.11	B2.8	BXB2.8.1	CMCCT	Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera	Recoñece a estrutura básica da atmosfera.	30	80			10					10						x
			BXB2.8.2	CMCCT	Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe	Recoñece os gases principais do aire e identifica os contaminantes máis comúns en relación coa súa orixe	30	80			10					10						x

B.2.: A Terra no universo			BXB2.8.3	CMCCT	Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.	Identifica as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.	10	50	30		10			10			x	
	B2.12	B2.9	BXB2.9.1	CSC CSIEE	Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.	Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e identifica algunhas accións e hábitos que contribúan á súa solución.	10	50	30		10			10				
	B2.13	B2.10	BXB2.10.1	CSC	Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.	Identifica situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.	20	50	30		10			10				
	B2.13	B2.11	BXB2.11.1	CMCCT	Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.	Recoñece as propiedades anómalas da auga e a súa relación coa vida.	15	50	30		10			10				x
	B2.14 B2.15 B2.16	B2.12	BXB2.12.1	CMCCT	Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.	Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.	25	50	30		10			10				x
	B2.17	B2.13	BXB2.13.1	CSC CSIEE	Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.	Comprende o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera algunhas medidas concretas que colaboren nesa xestión.	20	50	30		10			10				x
	B2.18	B2.14	BXB2.14.1	CSC	Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas	Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas	25	50	30		10			10				x
	B2.19	B2.15	BXB2.15.1	CMCCT	Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.	Enumera as principais características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.	15	50	30		10			10				x
B.2.: A Terra no universo	B2.8	B2.6	BXB2.6.1	CMCCT	Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.	Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta .	20	50	30		10			10				x
	B2.8	B2.6	BXB2.6.2	CMCCT	Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.	Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen.	20	50	30		10			10				x
	B2.9	B2.7	BXB2.7.1	CMCCT CAA	Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos	Identifica minerais e rochas máis comúns.	20					10						x
	B2.10		BXB2.7.2	CCEC	Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá	Enumera algunhas aplicacións máis frecuentes dos minerais e das	20	50	30		10			10				x

					rochas.													
		BXB2.7.3	CSC	Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.	Recoñece a importancia do uso responsable dos minerais.	20	50	30		10			10					

CONTIDOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Grao mínimo conseguido

Peso cualificación

Instrumentos:

- | | |
|------------------------|----------------------|
| 1. Proba escrita | 5. Laboratorio |
| 2. Traballo individual | 6. Rúbrica |
| 3. Traballo grupo | 7. Observacións aula |
| 4. Caderno clase | |

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

CL: Comunicación lingüística

EOE: Expresión oral e escrita

CA: Comunicación audiovisual

TIC: Tecnoloxías da información e da comunicación

LEENDA COMPETENCIAS

CCL Comunicación lingüística.

CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CD Competencia dixital.

CAA Competencia aprender a aprender.

CSC Competencias sociais e cívicas.

CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC Conciencia e expresións culturais.

SECUENCIACIÓN TEMPORAL DE CONTIDOS DE APRENDIZAXE

Seguirase como indicador para a aprendizaxe da materia, o libro dixital EDEBÉ da plataforma E-dixgal.

Segundo os temas de dito Libro, a secuenciación ao longo do curso, será come segue:

Primeira avaliación

Tema 1: O estudo da natureza	(28 de setembro a 2 de outubro)
1. O estudo da natureza.	
2. O método científico.	
3. Investiga.	
4. Amplía.	
5. Creatividade.	
Tema 2: Os seres vivos.	(5 de outubro a 16 de outubro)
1. A vida na Terra	
2. A célula.	
3. A clasificación dos seres vivos	
Tema 3: As funcións vitais:	(19 de outubro a 30 de outubro)
1. Nutrición.	
2. Relación.	
3. Reprodución.	
Tema 4: Os reinos: Moneras, protistas e fungos.	(2 de novembro a 13 de novembro)
Tema 5: O reino plantas.	(16 de novembro a 4 de decembro)
1. As plantas sen flor.	
2. As plantas con flores.	
Avaliación de competencias:	(9 de decembro a 18 de decembro)

Segunda avaliación

Tema 6: Os animais invertebrados.	(11 de xaneiro a 22 de xaneiro)
1. Poríferos.	
2. Cnidarios	
3. Anélidos.	
4. Moluscos.	
5. Artrópodos.	
6. Equinodermos	
Tema 7: Os animais vertebrados.	(25 de xaneiro a 5 de febreiro)
1. Características.	
2. Peixes.	
3. Anfibios.	
4. Réptiles.	
5. Aves.	
6. Mamíferos.	
Tema 8: Os ecosistemas.	(8 de febreiro a 19 de febreiro)
1. Definición.	
2. Compoñentes dun ecosistema.	

3. Tipos de ecosistemas.

Tema 9: A Terra no Universo:

(22 de febreiro a 5 de marzo)

1. Estudo do Universo.
2. A terra e a Lúa.

Tema 10: A Terra:

(5 de marzo a 19 de marzo)

1. Xeosfera.
2. Hidrosfera.
3. Atmosfera.

Avaliación de competencias:

(22 de marzo a 26 de marzo)

Terceira avaliación

Tema 11: A xeosfera

(6 de abril a 16 de abril)

1. A estrutura da xeosfera
2. Os minerais
3. As rochas
4. Explotación de minerais e rochas

Tema 12: A hidrosfera:

(19 de abril a 30 de abril)

1. A auga
2. As partes da hidrosfera
3. A hidrosfera e o ser humano

Tema 13: A atmosfera.

(3 de maio a 14 de maio)

1. Características da atmosfera
2. Tempo atmosférico e clima
3. A atmosfera e o ser humano

Tema 14: A dinámica interna e externa.

(18 de maio a 31 de maio)

1. A dinámica interna da Terra
2. A dinámica externa da Terra
3. O relevo

Avaliación de competencias:

(1 de xuño a 4 d xuño)

Recuperación, ampliación e reforzo

(7 de xuño a 18 de xuño)

METODOLOXÍA

A Ciencia é unha actividade en permanente construción e revisión, con implicacións coa tecnoloxía e coa sociedade; polo tanto, compre propoñer cuestións tanto teóricas como prácticas, a través das cales a alumna e o alumno comprendan que un dos obxectivos da ciencia é dar explicacións científicas daquilo que nos rodea.

A realización de actividades prácticas adaptadas a cada nivel de ensinanza na etapa, poñerá ao alumnado fronte ao desenvolvemento real dalgunha das fases do método científico, proporcionaralle métodos de traballo en equipo, permitiralle desenvolver habilidades experimentais e serviralle de motivación para o estudo.

Incluír tanto os temas puntuais coma os grandes programas actuais que a ciencia está tratando. A este respecto, é importante a busca de información, mediante a utilización das fontes adecuadas, sen esquecer as novas tecnoloxías da información e a comunicación, na medida na que os recursos do alumnado e o centro o permitan, así como o seu tratamento organizado e coherente.

Os contidos previstos para o curso anterior e non impartidos a causa da covid 19, serán tidos en conta como punto de partida para os que se desenvolven neste curso, ao coincidir nos seus enunciados.

Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
 - o Combinar traballo individual e cooperativo.
 - o Aprendizaxe por proxectos.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
- Uso habitual das TIC.
- Papel facilitador do profesor/a.

Estratexias metodolóxicas

- Memorización comprensiva.
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
- Elaboración de sínteses.
- Análise de documentos, gráficos, táboas de datos.
- Resolución de problemas.
- Estudo de casos (proxectos).
- Simulacións.
- Outras:

Modelo de secuenciación de traballo na aula

- Motivación:
- Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos.

- Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal:

- Lectura e comprensión de textos.
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Resposta a preguntas.
- Resolución de problemas.
- Comentario de documentos, imaxes, etc.
- Elaboración de gráficas, sínteses ou mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva.

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, comentarios, etc.
- Exposicións orais.
- Probas escritas.
- Traballos individuais e en grupo.
- Observación do traballo na aula.
- Outros:

Metodoloxía específica en caso de confinamento: ensino semipresencial e non presencial.

- Uso da plataforma E-dixgal na materia de Bioloxía e Xeoloxía.
- Descarga off line dos contidos da materia E-dixgal para os alumnos que non dispoñan de conexión a interné.
- Emprego da aula virtual para formación a distancia
- Uso de videotutoriais para a explicación da materia.
- Prover de material escrito aos alumnos que teñan problemas de conexión á aula virtual.
- Os alumnos/as remitirán por correo electrónico ou a través da aula virtual as tarefas resoltas. A tal fin, disporán dun correo persoal co que comunicarse co profesor.
- Realización de tarefas escritas no caderno de traballo e posterior escaneo e envío das mesmas en formato pdf a través do correo ou da aula virtual.

- Emprego frecuente dos recursos TIC para a realización de tarefas diarias e traballos escritos, só por medio de procesadores de texto dixitais e xuntar mediante foto os debuxos, esquemas e calquera outro que sexa preciso desenvolver nun formato material..

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓNS 1ª, 2ª, 3ª

Considérase que un alumno ten superado unha avaliación e polo tanto, que acada os obxectivos mínimos, cando acade unha puntuación de 5 sobre un máximo de 10.

A cualificación correspondente a cada avaliación distribuirase do seguinte xeito:

- Como norma xeral, o 50% da cualificación (5 puntos sobre 10) corresponderá ás probas orais e escritas, segundo o especificado no punto 5 desta programación. Na realización das probas escritas terase en conta a falta de orde, limpeza e claridade para a obtención da cualificación máxima en cada item ou pregunta. Cando a resposta sexa ambigua ou inintelixible para o profesor, cualificarase a pregunta con cero puntos.

Como norma xeral, farase unha proba por tema.

- O 30% da puntuación (3 puntos sobre 10) corresponderá aos traballos individuais ou grupais que o alumno/a realice, segundo se especifica no punto 5 da programación para os diferentes estándares de aprendizaxe. Caso de que nalgún tema non se realizasen ditos traballos, o total desta puntuación pasaría a sumarse ao 50% das probas orais e escritas citadas no párrafo anterior.

Os traballos deberán ser entregados nos prazos previstos. De non ser así, teranse por non presentados e cualificaranse con cero puntos. Na valoración dos traballos serán valorados positivamente: a presentación, a ausencia de faltas de ortografía, a claridade, a orde, ademais do rigor da información, a valoración crítica e as aportación persoais. Avaliaranse mediante rúbrica de traballos escritos.

- Laboratorio

Os traballos de laboratorio do alumno/a durante o trimestre, puntuarán igual ca o dos traballos do alumno/a e formarán parte do 30% da cualificación de cada avaliación.

Por avaliación, computarase unha única puntuación de traballo de laboratorio que formará parte das puntuacións asinadas aos traballos individuais e grupais.

Para a cualificación das prácticas de laboratorio valorarase positivamente:

O traballo e actitude diaria do alumno que inclúe atención, participación e interese por aprender. Anotacións que o profesor realizará no seu caderno de rexistro.

A non presentación das prácticas nos prazos indicados suporá unha cualificación de 0 puntos en dita práctica.

O 10% (puntuación numérica de 0 a 1 punto) corresponderá á realización de actividades de aprendizaxe e reforzo plasmada no caderno do alumno/a. Avaliarase mediante unha rúbrica de observación do caderno.

- O 10% restante será consignada en función da actitude do alumno/a, entendida esta do seguinte xeito:

Traballo e atención na aula

Participación nas clases

Realización de actividades fóra do horario lectivo.

Implicación e esforzo, no caso de ensino non presencial.

Realización das tarefas propostas no caso de que o ensino sexa non presencial.

O traballo e a atención así como a participación nas clases e a realización de deberes consinaranse nun rexistro que leva o profesor con unha puntuación de 1 a 4, sendo 1 a practicamente nula participación e realización de tarefas; e 4, a participación, atención e realización de todas as tarefas e deberes de xeito correcto. A puntuación total por este apartado será a media de todos os rexistros realizados durante a avaliación e trasladados a unha puntuación sobre 10.

CUALIFICACIÓN FINAL:

Para acadar nunha cualificación positiva ao remate do curso será preciso ter aprobadas cando menos dúas avaliacións (tendo en conta as respectivas recuperacións) e acadar unha cualificación media das tres avaliacións, igual ou superior a cinco. A cualificación final será a media das tres.

No caso de que a puntuación media sexa maior de 4,8 e menor de 5, redondearase a 5.

Cando un alumno non acade unha cualificación positiva en xuño, haberá de presentarse no mes de setembro a unha proba de toda a materia na que as preguntas versarán sobre os contidos mínimos de avaliación. Para superala, o alumno deberá acadar unha puntuación igual ou superior a catro con cinco (4,5).

A asistencia do alumnado ás probas de avaliación establecidas é obrigatoria, e de non asistir, unicamente se lle realizará a proba no caso de que presente un xustificante médico oficial. En ningún caso se cambiará a data da proba sen este documento.

De ser o caso, ante a imposibilidade de realizar algunha proba das previstas o profesor poderá calcular a cualificación do alumno en cada avaliación, a partires das notas obtidas no resto das probas de avaliación desenvolvidas no trimestre.

No caso de que o alumno non presente o xustificante médico oficial correspondente, calcularáselle a nota do trimestre considerando que o resultado desa proba foi un 1.

7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.

Indicadores de logro do proceso de ensino

Como indicadores de logro do proceso de ensino, empregaremos unha valoración cuantitativa a través da seguinte enquisa:

Indicadores de logro	ESCALA				
	1	2	3	4	5
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.					
Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.					
Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e no seu caso física do alumnado.					
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.					
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.					
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.					
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.					
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.					
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.					
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.					
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.					
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.					

Indicadores de logro da práctica docente

Para valorar o logro da práctica docente faremos unha reflexión partindo dos resultados recollidos na seguinte escala:

Indicadores de logro	ESCALA				
	1	2	3	4	5
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.					
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.					
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.					
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.					
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.					
Combínase o traballo individual e en equipo.					
Poténcianse estratexias de animación á lectura.					
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.					
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.					
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.					
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc					
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.					
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.					

Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.					
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.					
As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.					
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación					

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.

Os alumnos/as de 1º de ESO, ao cambiar de etapa docente non teñen que realizar recuperación das materias pendentes da etapa anterior, polo que non se planifica ao respecto.

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Avaliación inicial

A data prevista de realización é con anterioridade ao 9 de outubro segundo reflicte a lexislación vixente. A proba será de tipo escrito, consistirá nun conxunto de preguntas variadas de diferente tipo como test, completar cadros, interpretar gráficas, etc.

Os resultados da proba son comunicados ao/a titor/a do grupo, así como ao equipo docente na sesión de avaliación desenvolvida ao efecto.

Como consecuencia dos resultados, levaranse a cabo as modificacións pertinentes tanto na temporalización dos contidos coma no aprofundamento no tratamento dos mesmos, de ser o caso.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención á diversidade xorde como unha resposta ás diferenzas individuais de cada alumno ou alumna no cómputo da aula.

O obxectivo fundamental da ESO é atender ás necesidades educativas de todo o alumnado. Pero estes teñen distinta formación, distintos intereses, distintas necesidades... Por iso, a atención á diversidade debe converterse nunha clave característica da práctica docente diaria.

Un dos principios que orixina a ESO é que trata de asegurar a igualdade de oportunidades a todos/as os/as alumnos e alumnas. Esta igualdade debe conxugarse de forma coherente co principio de atención diferenciada e adecuada á diversidade que se manifesta en relación coa capacidade para aprender, a motivación, os estilos de aprendizaxe e os intereses.

Os materiais que utilizaremos na aula tratarán de ser un elemento útil na actividade pedagóxica para adecuarse ás distintas necesidades do alumnado. O obxectivo é facilitar recursos e estratexias variadas, que permitan dar resposta á diversidade que presenta o alumnado desta etapa.

Das distintas formulacións utilizadas para o tratamento educativo das diferenzas individuais, consideramos o de adaptación dos métodos de ensino. Segundo esta formulación, non é posible definir unha acción educativa óptima en termos absolutos, senón unicamente en función das características individuais dos/as alumnos e alumnas aos que se lles aplica. Trátase de acadar o máximo grao de axuste posible entre as características dos/as alumnos e alumnas, por unha banda, e a natureza das actividades por outra. Isto implica que un determinado método educativo non é nin mellor nin peor en termos absolutos, senón que será máis ou menos adecuado e eficaz en función do alumnado ao que se aplica.

Un ensino realmente adaptativo debe ter en conta que, a medida que os alumnos e as alumnas desenvolven as súas capacidades e, xa que logo, aumentan a súa aptitude respecto dos obxectivos educativos, a acción pedagóxica debe adecuarse permitindo un maior grao de autoeducación por parte do propio alumnado.

Realizar actividades de diagnóstico que ten como fin observar a diversidade de coñecementos previos dos alumnos e das alumnas. Comprobase que existe unha relación inversa entre o nivel de coñecementos previos e a cantidade e calidade da axuda educativa necesaria para alcanzar os obxectivos educativos

Contemplan a diversidade en relación coa contorna no que o alumnado está inmerso. Para iso preséntanse propostas de traballo abertas á pluralidade de contornas xeográficas, culturais e sociais.

Aínda que a práctica e a utilización de estratexias de resolución deben desempeñar un papel importante no traballo de todos os alumnos e as alumnas, o tipo de actividade concreta que se realice e os métodos que se utilicen variarán necesariamente daccordo cos diferentes grupos de alumnado; e o grao de complexidade e a profundidade da comprensión que se acaden non serán iguais en todos os grupos. Este feito aconsella organizar as actividades de modo que os exercicios e problemas estean divididos en actividades de reforzo e actividades de ampliación; nestas últimas poden traballar os alumnos e as alumnas máis adiantados.

A programación ha de ter en conta tamén que non todos os alumnos e as alumnas adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe estar deseñada de modo que asegure un nivel mínimo para todos os alumnos e as alumnas ao final da etapa, dando oportunidade para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento. Este é o motivo que aconsella realizar unha programación cíclica ou en espiral.

Esta atención á diversidade debe terse en conta principalmente na metodoloxía empregada, é máis, debe estar presente en todo o proceso de aprendizaxe.

As principais funcións do profesorado serán:

- Detectar os coñecementos previos dos alumnos e das alumnas ao empezar cada unidade. Aos que se lles detecte unha lagoa nos seus coñecementos, débeseles propoñer un ensino compensatorio no que debe desempeñar un papel importante o traballo en situacións concretas.
- Propiciar que a velocidade de aprendizaxe a marque o/a propio/a alumno/a.
- Intentar que a comprensión dos alumnos e das alumnas de cada contido sexa suficiente para unha mínima aplicación e para enlazar cos contidos que se relacionan con el.
- Adaptar os materiais dos alumnos e das alumnas, tendo en conta as características individuais e particulares de cada estudante.
- Seleccionar os materiais utilizados na aula ten tamén unha importancia á hora de atender ás diferenzas individuais no conxunto dos alumnos e das alumnas.

A atención á diversidade dos/as alumnos/as, no referente ás diferenzas individuais en capacidades, motivación e intereses, esixe que os materiais curriculares posibiliten unha acción aberta, de forma que tanto o nivel dos contidos como as formulacións didácticas poidan variar segundo as necesidades específicas da aula.

Consideraremos a atención á diversidade en tres planos:

• **Atención á diversidade na programación**

Tendo en conta que no currículo de Bioloxía e Xeoloxía existen abundantes exemplos de contidos que poden representar dificultades na aula, poñendo de manifesto a diversidade no conxunto dos/as alumnos/as e evidenciando as diferenzas individuais na clase, realizamos unha programación baseada nos contidos mínimos, aqueles que poidan ser comprendidos por toda a clase ou, polo menos, polo maior número posible de alumnos e alumnas e que poidan ser considerados esenciais.

• **Atención á diversidade nas actividades**

A categorización das actividades permite atender á diversidade na aula, podendo propoñerlle a alumno/a aquelas actividades que mellor se adecúen ás súas capacidades, necesidades e intereses.

Polo tanto, a atención á diversidade fai necesario un repertorio de actividades que conteñan unha organización con diferentes graos de dificultade, polo que se farán propostas de traballo a todos os alumnos e as alumnas para realizar ben individualmente, ben en grupo, propoñendo actividades máis sinxelas (de reforzo) para aqueles/as alumnos e alumnas que teñan dificultades para progresar dentro do grupo e outras máis complexas (de ampliación) para os/as máis avanzados/as.

• **Actividades de reforzo e ampliación**

Son necesarias particularmente nos casos nos que convén reforzar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas con dificultades ou satisfacer as necesidades dos alumnos e das alumnas máis adiantados/as xa que permiten repasar e traballar conceptos, aplicar técnicas e afianzar destrezas.

Dentro deste tipo de actividades poderíamos citar:

- Traballos en pequeno grupo sobre temas xa estudados co fin de que se busquen novos datos ou posibles aplicacións, ou relacións con informacións de actualidade.
- Aproveitar os elementos transversais para reforzar conceptos que puideran quedar pouco aclarados ou para ampliar información.
- Facer referencia, en cada unidade didáctica, a aspectos xa tratados nas anteriores.
- Proporcionar cuestionarios cunha xerarquización das cuestións desde as máis básicas ás máis avanzadas.
- Atención á diversidade nos materiais utilizados
- A combinación do material esencial (o libro de texto) con diversos materiais de reforzo ou ampliación permite atender á diversidade en función dos obxectivos fixados.

• **Atención aos alumnos e ás alumnas con materias pendentes**

Os alumnos e as alumnas que teñan contidos de materias deste Departamento sen superar, terán o seguinte reforzo:

- Se cursan as materias do Departamento no curso posterior, o profesorado que imparta esta materia fará o seguimento e propondrá as actividades que considere oportunas para a adquisición do nivel adecuado, avaliando ó final do curso a consecución dos contidos mínimos de cada un dos cursos.
- Se non cursan materias do departamento, a Xefa de Departamento propondrá as actividades necesarias e fará o seguimento e a avaliación deste alumnado.

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO.

De acordo co artigo 4.1 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia traballarase en todas as materias os elementos transversais.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación traballarémolas en 1º de ESO a través do tempo de lectura (entre 20 e 25 minutos diarios, alternando as sesións por semana) . Estas lecturas son de carácter libre segundo os principios establecidos polo Centro; non obstante, na sesión que dita lectura coincida coa materia de Bioloxía será orientada cara os textos que figuran ou se suxiren no libro de texto, libros de consulta ou artigos periodísticos de índole científica.

As TIC empregaranse basicamente para a elaboración de traballos individuais ou grupais.

En caso de suspensión das clases presenciais, os alumnos traballarán dende a casa empregando o libro dixital e farán as actividades que se propoñan seguindo as clases a través da aula virtual do centro.

A educación cívica e constitucional traballarase en conxunto coas actividades desenvolvidas no centro para a conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia (do 1 ao 11 de decembro). Para o traballo do emprendemento aproveitaremos aquelas prácticas de laboratorio que fomenten o deseño e elaboración de experimentos sinxelos.

A loita contra calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia é un principio básico e fundamental sobre o que se asenta esta programación e a práctica docente tanto na aula coma fora dela. Ademais participaremos activamente en todas as actividades organizadas ao longo do curso arredor do tema transversal do centro que este ano é “Que arte tes!: As artes na escola”. Tamén participaremos activamente na celebración do Día internacional contra a violencia de Xénero (25 de novembro de 2020) e do Día escolar da non violencia e da paz (30 de xaneiro de 2021).

No ámbito da educación e a seguridade viaria traballarase en todas e cada unha das saídas que se leven a cabo para o grupo-clase ao longo do curso,

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO.

En principio e, debido ás cautelas impostas pola pandemia da covid 19, non se realizarán saídas extraescolares durante o curso escolar salvo que cambie a situación e que se poda garantir a seguridade dos membros da comunidade educativa.

Poderá haber charlas formativas e exposicións que fagan no centro, sempre que se podan cumprir as medidas de seguridade impostas polos protocolos vixentes.

13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Avaliar a programación didáctica supón a análise detallada do desenvolvemento da planificación realizada, ademais de ver cales foron os problemas máis destacables que encontrou cada profesor/a.

Para conseguir que a programación didáctica sexa útil e viable, a súa avaliación centrarase en tres aspectos:

- Avaliación da programación

- Avaliación do proceso
- Deseño da programación: contidos, temporalización...
- Interacción profesor/a – alumno/a
- Avaliación dos resultados

Para avaliar os distintos aspectos da programación, este Departamento propón o seguinte:

- Cada profesor/a levará conta de todos os problemas que atopa na posta en práctica da programación. Estes posibles problemas ou os solucionala o profesor/a de seu, ou, se non se solucionala, expono no Departamento para a búsqueda da solución máis axeitada.

- Os profesores/as terán en conta os intercambios orais cos/as alumnos/as, como medio para a detección de posibles problemas.

- Durante o curso, levarase conta das posibles incidencias que poidan xurdir en canto a programación, con vistas a solucionalas de inmediato ou a consideralas cara a elaboración da programación do seguinte curso: motivación, incidencias nas clases, dificultades dos/as alumnos/as fronte a determinados conceptos ou actividades...

- Farase unha análise detallada do nivel de éxito ou fracaso dos/as alumnos/as en cada avaliación.

- Cada mes, os dous profesores que formamos parte deste departamento faremos o seguimento da posta en práctica da programación para ver se se axusta ó esperado.

Segundo os resultados deste seguimento, será o Departamento o que tome as medidas oportunas para a súa corrección.

Indicadores	Escala				
	1	2	3	4	5
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.					
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.					
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.					
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.					
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					

Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.					
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.					
Adecuación da secuencia de traballo na aula.					
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).					
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.					
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.					
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.					
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].					
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].					
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]					
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]					
Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.					
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.					
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.					

Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.					
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.					
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.					
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.					